



Orde do 2 de xuño de 2020, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (DOG do 10 de xuño).

Alumnado excluído

- Non terá dereito á axuda convocada nesta orde:
- O alumnado de FP dual en cuxos proxectos se inclúan axudas por desprazamento e aloxamento.
- O alumnado que realice a FCT fóra do territorio español e teña concedida unha axuda Erasmus + KA102; Fundación Paidea, ou calquera outra que financie totalmente o período de FCT, polas xornadas realizadas fóra do Estado español.
- Os que realicen a FCT ou a FP dual no concello do centro educativo ou no concello de residencia durante a realización da FCT ou da FP dual.

Prazos da convocatoria

- **Prazo de maio**, para o alumnado que realiza a FCT nos períodos outubro 2019-marzo 2020, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2020.
Acollerase a este primeiro prazo o alumnado de FP dual.
- **Prazo de outubro**, para o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro a decembro de 2020.
Teñen que rematar a FCT **obrigatoriamente** antes do **31 de decembro de 2020**.





Para poder tramitar os pagamentos antes do 31 de decembro de 2020, emendar algún posible erro, contactar cos centros..., recoméndase que rematen a FCT antes das vacacións de Nadal.

Documentación

- **Arquivo da documentación**

- a) Solicitudes orixinais (anexo I).
- b) Declaración do domicilio de residencia durante o período de realización da FCT (anexo II).
- c) Copia do DNI da persoa solicitante, de ser o caso.
- f) Declaración responsable complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade (Anexo IV).
- c) Certificación de realización das prácticas ou da FP dual.

Toda esta documentación **quedarán arquivada no centro educativo como mínimo por un período de 5 anos**. Non se enviará ningunha documentación á dirección xeral.

- **No caso de centros privados con ensinanzas concertadas**

O anexo III (aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas) unha vez asinado, deberá escanearse e remitir por correo electrónico a fct@edu.xunta.es **antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes**. Estará dispoñible na aplicación de FCT no apartado **informes/centro**.





Nota. Para a impresión de todos os anexos utilizarase a aplicación de FCT desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>

Datas principais do prazo de maio

Publicación da convocatoria no DOG	10 de xuño de 2020
Prazo de solicitudes	11 de xuño ao 11 de xullo
Publicación no centro da listaxe provisional	13 de xullo
Prazo de reclamacións	13 de xullo ao 22 de xullo
Publicación no centro da listaxe definitiva	22 de xullo
Finalización das prácticas	22 de xullo ao 31 de xullo
Centros que non poidan finalizar o procedemento no prazo indicado por teren alumnado realizando a FCT en xullo e agosto	Finalizarán cando rematen

Máis información

Para calquera outra consulta pódese poñer en contacto co servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas, nos teléfonos:

981 546 540/981 540 213 (Ana Cordo ou Carmen Rey).

